



Concello de Palas de Rei

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
JGL/2019/20	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	18 de decembro de 2019
Duración	Desde as 14:00 ata as 14:25 horas
Lugar	Dependencias Municipales
Presidida por	PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA
Secretario	Celestino Amigo Liñares

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33206921G	Fernando Alfredo Pensado Barbeira	SÍ
33305102K	José Ramón García Vázquez	SÍ
33334372N	María Aurora Vila Agra	SÍ
33327704Z	PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: AANFYET75LQHXYLH3ND5CS6K | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10



Concello de Palas de Rei

Aprobación da acta da sesión anterior, sesión ordinaria do 4 de decembro de 2019

Sometida a aprobación a acta da sesión ordinaria do 04.12.2019 prodúcese o seguinte resultado:

A favor: Unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, enténdese aprobada a acta da sesión ordinaria do 04.12.2019.

Expediente 719/2019. Declaracións Responsables ou Comunicacións Urbanísticas

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento



Vista a Comunicación previa de don Victorino Vízcaíno Vázquez con domicilio en Lugar de Ulloa - Sambreixo para saneamento de parcela no polígono 4 parcela nº 208-2010, no lugar de Vilouchada . Sambreixo no termo municipal de Palas de Rei con rexistro de entrada 2019-E-RC-2564 de data 09/12/2019.

Acredítase no expediente ter aboado a taxa por expediente de comunicación previa para actuacións menores ou instalacións, por un importe total de trinta con corenta e tres centimos (31.43),obra xustificante de pago ou ingreso de data 09/12/2019.

Visto o expediente tramitado aos efectos, ao amparo da Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, Disposición Derradeira Terceira.

Tendo en conta a Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades, publicada o seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 216, do venres, 19 de setembro de 2014.

Tendo en conta do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, nos seus artigos 142.3. e 146.

Vistos os informe técnico emitido polo técnico municipal do Concello de data 10/12/2019 que obran no expediente e do cal se lle chegará copia xunto co

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: AANFY7ET75LQHXYLH3ND5CS6K | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10



Concello de Palas de Rei

presente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de Réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº210/2019 do 17 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xuño do 2019, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO.

Primeiro. Toma de coñecemento por parte deste concello ao expediente de Comunicación previa don Victorino Vízcaíno Vázquez con domicilio en Lugar de Ulloa - Sambreixo para saneamento de parcela no polígono 4 parcela nº 208-2010, no lugar de vilouchada-Sambreixo.

Segundo. Prestar conformidade ao expediente de Comunicación Previa inicial, de acordo co informe do técnico competente, podendo comezar as obras. Os servizos técnicos municipais poden, no seu caso, cursar visita de inspección, comprobación ou control en calquera momento có fin de verificar a verosimilitude das obras coa documentación presentada no seu momento, en caso de que existan diferenzas entre a documentación técnica presentada e o efectivamente realizado, que supoña un cambio de réxime na concesión da autorización, procederase á paralización das obras, como medida preventiva, sen prexuízo das sancións que poidan recaer sobre o promotor, de acordo co disposto artigo 7 puntos 2, 3, da Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades.

Terceiro. Que se proceda ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Palas de Rei, e ao cumprimento do recollido no informe técnico municipal, do cal se lle chegará copia xunto co presente.

Cuarto. O promotor/a está obrigado/a, artigo 7 punto 4 da Ordenanza Municipal arriba citada, a comunicar a finalización da obra ós efectos de proceder, no seu caso, á liquidación definitiva do imposto ou taxa correspondente e coa finalidade de que se curse a visita de inspección ou comprobación polos servizos técnicos competentes, se así o estiman oportuno.

Quinto. Proceder á liquidación e aprobación da cota do ICIO correspondente segundo o orzamento presentado, e que obra no expediente.

Séxto. Dar traslado dunha copia da liquidación de dereitos e taxas ó interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de conformidade.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento con indicación dos recurso

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: AANFY7ET75LQHXYLH3ND5CS6K | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10



Concello de Palas de Rei

pertinentes.

Expediente 721/2019. Declaracións Responsables ou Comunicacións Urbanísticas

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento



Trátase da Comunicación previa de don David García Salvado con domicilio en Liulfe - Lestedo do termo municipal de Palas de Rei para retellado e fiestras tipo velux de palleira con rexistro de entrada 2019-E-RC-2589 de data 11/12/2019.

Acredítase no expediente ter aboado a taxa por expediente de comunicación previa para actuacións menores ou instalacións, por un importe total de trinta e un euro con corenta e tres centimos (31,43), obra xustificante de pago ou ingreso de data 11/12/2019.

Visto o expediente tramitado aos efectos, ao amparo da Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, Disposición Derradeira Terceira.

Tendo en conta a Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades, publicada o seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 216, do venres, 19 de setembro de 2014.

Tendo en conta do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, nos seus artigos 142.3. e 146.

Vistos os informe técnico emitido polo técnico municipal do Concello de data 12/12/2019 que obran no expediente e do cal se lle chegará copia xunto co presente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de Réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº210/2019 do 17 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xuño do 2019, a Xunta de Goberno Local por

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: AANFY7ET75LQHXYLH3ND5CS6K | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10



Concello de Palas de Rei

acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO.

Primeiro. Toma de coñecemento por parte deste concello ao expediente de Comunicación previa de don David García Salvado con domicilio en Liulfe - Lestedo do termo municipal de Palas de Rei para retellado e fiestras tipo velux en palleira.

Segundo. Prestar conformidade ao expediente de Comunicación Previa inicial, de acordo co informe do técnico competente, podendo comezar as obras. Os servizos técnicos municipais poden, no seu caso, cursar visita de inspección, comprobación ou control en calquera momento cón fin de verificar a verosimilitude das obras coa documentación presentada no seu momento, en caso de que existan diferenzas entre a documentación técnica presentada e o efectivamente realizado, que supoña un cambio de réxime na concesión da autorización, procederase á paralización das obras, como medida preventiva, sen prexuízo das sancións que poidan recaer sobre o promotor, de acordo co disposto artigo 7 puntos 2, 3, da Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades.

Terceiro. As obras deberán ser realizadas no prazo máximo de seis meses, dende a data de comunicación do presente acordo. Transcorrido este prazo sen que as obras rematasen e antes da súa finalización, a persoa interesada ou promotor poderá solicitar prorrogas en prazo, non podendo superar o prazo inicialmente autorizado.

Cuarto. Que se proceda ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Palas de Rei, e ao cumprimento do recollido no informe técnico municipal, do cal se lle chegará copia xunto co presente.

Quinto. O promotor/a está obrigado/a, artigo 7 punto 4 da Ordenanza Municipal arriba citada, a comunicar a finalización da obra ós efectos de proceder, no seu caso, á liquidación definitiva do imposto ou taxa correspondente e coa finalidade de que se curse a visita de inspección ou comprobación polos servizos técnicos competentes, se así o estiman oportuno.

Sexto. Proceder á liquidación e aprobación de dereitos e taxas correspondente segundo o orzamento presentado.

Sétimo. Dar traslado dunha copia da liquidación de dereitos e taxas ó interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de conformidade.

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: AANFYET75LQHXYLH3ND5CS6K | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 10



Concello de Palas de Rei

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento con indicación dos recursos pertinentes.



Expediente 720/2019. Declaracións Responsables ou Comunicacións Urbanísticas

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Vista a Comunicación previa de dona María Obdulia Rodríguez Alonso con domicilio en Sambreixo do termo municipal de Palas de Rei para retellado de Vivenda unifamiliar con rexistro de entrada 2019-E-RC-2580 de data 10/12/2019.

Acredítase no expediente ter aboado a taxa por expediente de comunicación previa para actuacións menores ou instalacións, por un importe total de trinta e un euro con corenta e tres centimos (31,43), obra xustificante de pago ou ingreso de data 04/12/2019.

Visto o expediente tramitado aos efectos, ao amparo da Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, Disposición Derradeira Terceira.

Tendo en conta a Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades, publicada o seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 216, do venres, 19 de setembro de 2014.

Tendo en conta do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, nos seus artigos 142.3. e 146.

Visto Resolución de Autorización Augas de Galicia de data 11/11/2019.

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: AANFYET75LQHXYLH3ND5CS6K | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10



Concello de Palas de Rei

Vista a Autorización da Deputación de data 28 /10/2019.

Vistos os informe técnico emitido polo técnico municipal do Concello de data 12/12/2019 que obran no expediente e do cal se lle chegará copia xunto co presente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de Réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº210/2019 do 17 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xuño do 2019, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO.

Primeiro. Toma de coñecemento por parte deste concello ao expediente de Comunicación previa de dona María Obdulia Rodríguez Alonso con domicilio en Sambreixo do termo municipal de Palas de Rei para retellado de vivenda unifamiliar .

Segundo. Prestar conformidade ao expediente de Comunicación Previa inicial, de acordo co informe do técnico competente, podendo comezar as obras. Os servizos técnicos municipais poden, no seu caso, cursar visita de inspección, comprobación ou control en calquera momento có fin de verificar a verosimilitude das obras coa documentación presentada no seu momento, en caso de que existan diferenzas entre a documentación técnica presentada e o efectivamente realizado, que supoña un cambio de réxime na concesión da autorización, procederáse á paralización das obras, como medida preventiva, sen prexuízo das sancións que poidan recaer sobre o promotor, de acordo co disposto artigo 7 puntos 2, 3, da Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades.

Terceiro. As obras deberán ser realizadas no prazo máximo de seis meses, dende a data de comunicación do presente acordo. Transcorrido este prazo sen que as obras rematasen e antes da súa finalización, a persoa interesada ou promotor poderá solicitar prorrogas en prazo, non podendo superar o prazo inicialmente autorizado.

Cuarto. Que se proceda ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Palas de Rei, e ao cumprimento do recollido no informe técnico municipal, do cal se lle chegará copia xunto co presente.

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: AANFYET75LQHXYLH3ND5CS6K | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 10



Concello de Palas de Rei

Quinto. O promotor/a está obrigado/a, artigo 7 punto 4 da Ordenanza Municipal arriba citada, a comunicar a finalización da obra ós efectos de proceder, no seu caso, á liquidación definitiva do imposto ou taxa correspondente e coa finalidade de que se curse a visita de inspección ou comprobación polos servizos técnicos competentes, se así o estiman oportuno.

Sexto. Proceder á liquidación e aprobación de dereitos e taxas correspondente segundo o orzamento presentado.

Sétimo. Dar traslado dunha copia da liquidación de dereitos e taxas ó interesado para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de conformidade.

Do que se lle dá traslado para o seu coñecemento con indicación dos recursos pertinentes.

Expediente 41/2019. Licenzas Urbanísticas

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento



Vista a solicitude de Licenza urbanística para obras de REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL PARA DESTINALA A MESÓN E TERRAZA en Leboreira - San Xurxo de Augasantas formulada por CONSTRUCCIÓN E PROMOCIÓNS SUSO E EMILIO S.L

Vistas as prescripcions e condicionates específicos que se conteñen nos informes técnicos e sectoriais que se incorporan ao expediente e o informe xurídico emitido polo Secretario desta Corporación, nos que se acreditan a compatibilidade dos usos e as obras proxectadas coas determinacións urbanísticas de aplicación reguladas no planeamento municipal vixente e as disposicións normativas de carácter xeral sinaladas nos citados informes,

En uso das facultades que outorga a lexislación de Réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº210/2019 do 17 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xuño do 2019, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO.

PRIMEIRO. Conceder licenza urbanística a CONSTRUCCIÓN E PROMOCIÓNS SUSO E EMILIO S.L .licenza urbanística para as obras de REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL PARA DESTINALA A MESÓN E TERRAZA (Clasificada no proxecto como Cafetería dunha taza, conforme ao establecido no Decreto 124/2019 e o Decreto 108/2006) en Leboreira - San Xurxo de Augasantas, conforme ao Proxecto básico aportado coa solicitude.

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: AANFY7ET75LQHXYLH3ND5CS6K | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10



Concello de Palas de Rei

SEGUNDO. Dado que non existen referencias construtivas á terraza no proxecto aportado e considerando a singularidade do procedemento para autorizar este tipo de instalacións (terraza ao aire libre anexa ao establecemento), en harmonía co informado polo Secretario, advírtese ao peticionario que a presente licenza límitase á rehabilitación da edificación, excluindo a terraza, debéndose reflectir esta circunstancia no proxecto de execución esixido con carácter previo á autorización do inicio das obras, a non ser que o promotor opte por obter licenza expresa e concreta para a referida instalación, para o que deberá aportar a documentación legalmente esixida que se relaciona: a) Os datos de identidade do titular e, no seu caso, da persoa que actúe na súa representación, con indicación do seu nome e dirección. b) A localización do establecemento aberto ao público en que vai instalarse a terraza e a descrición das características da mesma. c) A declaración da persoa titular onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia para o establecemento en que estea incluída a terraza, ou a documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo.

TERCEIRO. Terase en conta, con carácter preceptivo e vincultante, a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 11 de novembro de 2019 (expediente núm. 2019/1849 CF), pola que se autorizan as obras solicitadas e se establece o obrigado cumprimento das consideracións e condicións que na mesma se expresan.

CUARTO. Segundo consta no informe do técnico municipal, os promotores deberán respectar as seguintes prescricións:

- Antes do comezo das obras, cuxo inicio será autorizadas expresamente polo concello deberá aportar:

- Proxecto de Execución, debidamente asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional.

- Nomeamento da Dirección Facultativa.

- No proxecto de execución deberá quedar xustificada de forma inequívoca todas as seccións de cumprimento do DB SUA (seguridade de utilización), nomeadamente a sección SUA-9, ao que o proxecto non fai referencia.

- Deberá especificarse no proxecto de execución a procedencia da auga potable, e xustificar a autorización do órgano de cunca para o aproveitamento e a súa potabilidade, de ser o caso.

- No proxecto de execución deberá especificarse o destino dos vertidos de augas residuais, e xustificar a autorización do órgano de cunca para o vertido, de ser o caso.

QUINTO. As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses, a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación desta resolución.

SEXTO . Ao remate das mesmas deberá solicitar licenza de primeira ocupación ou utilización e realizar a oportuna declaración responsable ou comunicación previa de inicio de actividade, sen prexuízo das competencias concorrentes de outros organismos públicos, conforme á lexislación sectorial ou especial de aplicación.

SÉTIMO. Aprobar as liquidacións das taxas e impostos de aplicación, conforme ao regulado nas vixentes ordenanzas fiscais.

Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos, con indicación dos recursos que legalmente procedan.

Concello de Palas de Rei





Concello de Palas de Rei

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: AANFYET75LQHXYLH3ND5CS6K | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10